

Eu tiña moi bo pelo, cando era moza, tiña unha trenzaza de pelo. Que naquel tempo, a que tiña así unha boa trenza de pelo, que se levaba coma aghora andan as rapazas, e as perniñas dereitas e ben empeitada, anque fora tiñana guapa, dáballo título de ghuapa, e era ghuapa.

- E como era a copla?

Estaba cosendo na casa dunha tía, e viñeron para alí os mozos e un quería estar connigo e outro no deixaba, eran da mesma parroquia. Estaba ao pé da min e o outro estaba así unha mighiña desviado e ca rabia de que non podía falar comigho peghou a coplas comigho. E despois o amo da casa muito se reu del, Dios mío. Porque despois non sei se se acabou a historia se non tiña máis pés.

- Empezoume el:

Tienes una buena cara
una peluquera buena
son los becerros y vacas
que tienes en tu pradera.

- Coma quen que non tiña máis nada de bo. E díxenlle eu:

Mas a paso caballero
no vengas tan riguroso
para ser muchacho novo
tes que vir máis amoroso.

- E díxome él:

Máis amoroso non veño
que veño moi enfadado
con las cosas que me han diño
veño moi indomodado.

- E díxenlle eu:

Se vés moi incomodado
non teño qué che facer
vai aghua polo río abaixo
rapás se queres beber-e.

- Díxome él:

Nena se quero beber
eu de ti non necesito
teño cartos no bolsillo
para beber viño tinto.



- E despois díxenlle eu:

Para beber viño tinto
eu de tanto non me alabo
son unha muchacha nova
traio moi pouco ghanado.

- E dende aquela quedou por baixo e non me dou dito máis nada. Non sabía máis nada ...
coma un can. E habíache destas cousas pa rir-e.